					Suma da partida	2,20
					Costes indirectos..... 6,00%	0,13
					TOTAL PARTIDA	2,33
SUPERF						
M2 Tratamento asf. superficial.						
Tratamento asfáltico superficial con 12 litros de gravilla 5/10 e 2 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, incluso varrido e limpeza previa.						
OE	0,0012 H.	Encargado de obra.	14,92	0,02		
OO1	0,0024 H.	Oficial 1ª.	13,42	0,03		
OPO	0,0072 H.	Peón Ordinario.	12,51	0,09		
MCRL	0,0036 H.	Camión regador ligante.	22,01	0,08		
MC12	0,0048 H.	Camión basculante 12 Tm.	20,64	0,10		
MBARREDO	0,0024 H.	Barredora.	10,32	0,02		
PGV	0,0120 M3	Gravilla.	12,90	0,15		
PECR2	0,0020 Tm	Emulsión ECR-2.	297,86	0,60		
					Man de obra.....	0,14
					Maquinaria	0,20
					Materiais	0,75
					Suma da partida	1,09
					Costes indirectos..... 6,00%	0,07
					TOTAL PARTIDA	1,16
RSELLADO						
M2 Rego de selado.						
Rego de selado con 5 litros de area 3/7 e 1 Kg. de emulsión ECR-2, previa limpeza da superficie e posterior retirada de gravilla solta.						
OE	0,0012 H.	Encargado de obra.	14,92	0,02		
OO1	0,0024 H.	Oficial 1ª.	13,42	0,03		
OPO	0,0119 H.	Peón Ordinario.	12,51	0,15		
MCRL	0,0024 H.	Camión regador ligante.	22,01	0,05		
MC12	0,0036 H.	Camión basculante 12 Tm.	20,64	0,07		
MAE12	0,0024 H.	Apisoadora estática 8-12 T.	21,32	0,05		
MBARREDO	0,0012 H.	Barredora.	10,32	0,01		
PA	0,0080 M3	Area.	15,13	0,12		
PECR2	0,0010 Tm	Emulsión ECR-2.	297,86	0,30		
					Man de obra.....	0,20
					Maquinaria	0,19
					Materiais	0,42
					Suma da partida	0,80
					Costes indirectos..... 6,00%	0,05
					TOTAL PARTIDA	0,85

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 00OD17S06

Código	Cantidad Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
CAPÍTULO 19. CAMIÑO DO SOUTO A IGREXA (MERCURIN)					
CUNE		M1 <i>Limpeza de gabias.</i> Limpeza de gabias con recuperación da sección hidráulica, en todo tipo de terreo, incluso rocha, formación de beiravías e perfilado de taludes por ambas marxes con retirada de sobrantes a vertedoiro e p.p. de limpeza de salvagabias.			
OE	0,0024 H.	Encargado de obra.	14,92	0,04	
OO1	0,0240 H.	Oficial 1ª.	13,42	0,32	
OPO	0,0384 H.	Peón Ordinario.	12,51	0,48	
MRETRO	0,0096 H.	Retroescavadora.	30,96	0,30	
MC12	0,0192 H.	Camión basculante 12 Tm.	20,64	0,40	
MCOMP	0,0024 H.	Compresor móvil.	13,76	0,03	
MMOTO	0,0096 H.	Motoniveladora.	23,73	0,23	
PDN	0,0120 Kg	Dinamita.	3,22	0,04	
PMCH	0,0100 MI	Mecha.	0,21	0,00	
					0,84
					0,95
					0,04
					1,84
				6,00%	0,11
		TOTAL PARTIDA			1,95
GRAVA		M3 <i>Firme con grava 40/70.</i> Firme con grava procedente de machucamento clasificado a 40/70, medido despois de compactado, incluso apertura de caixa e preparación da base.			
OE	0,0233 H.	Encargado de obra.	14,92	0,35	
OO1	0,0292 H.	Oficial 1ª.	13,42	0,39	
OPO	0,1050 H.	Peón Ordinario.	12,51	1,31	
MAE14	0,0350 H.	Apisoadora estática 12-14 T.	24,08	0,84	
MC12	0,1400 H.	Camión basculante 12 Tm.	20,64	2,89	
MMOTO	0,0350 H.	Motoniveladora.	23,73	0,83	
PG	1,1500 M3	Grava.	7,87	9,05	
					2,05
					4,56
					9,05
					15,66
				6,00%	0,94
		TOTAL PARTIDA			16,60

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 000D17S06

Código	Cantidad Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
SEMIPROF					
		M2 Tratamento asf. semiprofundo.			
		Tratamento semiprofundo con 18 l. de gravilla 10/20 e 4 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, previa limpeza da superficie.			
OE	0,0011 H.	Encargado de obra.	14,92	0,02	
OO1	0,0022 H.	Oficial 1ª.	13,42	0,03	
OPO	0,0168 H.	Peón Ordinario.	12,51	0,21	
MCRL	0,0045 H.	Camión regador ligante.	22,01	0,10	
MC12	0,0134 H.	Camión basculante 12 Tm.	20,64	0,28	
MAE12	0,0045 H.	Apisoadora estática 8-12 T.	21,32	0,10	
MBARREDO	0,0034 H.	Barredora.	10,32	0,04	
PECR2	0,0040 Tm	Emulsión ECR-2.	297,86	1,19	
PGV	0,0180 M3	Gravilla.	12,90	0,23	
					0,26
					0,51
					1,42
					2,20
				6,00%	0,13
TOTAL PARTIDA					2,33
SUPERF					
		M2 Tratamento asf. superficial.			
		Tratamento asfáltico superficial con 12 litros de gravilla 5/10 e 2 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, incluso varrido e limpeza previa.			
OE	0,0012 H.	Encargado de obra.	14,92	0,02	
OO1	0,0024 H.	Oficial 1ª.	13,42	0,03	
OPO	0,0072 H.	Peón Ordinario.	12,51	0,09	
MCRL	0,0036 H.	Camión regador ligante.	22,01	0,08	
MC12	0,0048 H.	Camión basculante 12 Tm.	20,64	0,10	
MBARREDO	0,0024 H.	Barredora.	10,32	0,02	
PGV	0,0120 M3	Gravilla.	12,90	0,15	
PECR2	0,0020 Tm	Emulsión ECR-2.	297,86	0,60	
					0,14
					0,20
					0,75
					1,09
				6,00%	0,07
TOTAL PARTIDA					1,16
RSELLADO					
		M2 Rego de selado.			
		Rego de selado con 5 litros de area 3/7 e 1 Kg. de emulsión ECR-2, previa limpeza da superficie e posterior retirada de gravilla solta.			
OE	0,0012 H.	Encargado de obra.	14,92	0,02	
OO1	0,0024 H.	Oficial 1ª.	13,42	0,03	
OPO	0,0119 H.	Peón Ordinario.	12,51	0,15	
MCRL	0,0024 H.	Camión regador ligante.	22,01	0,05	
MC12	0,0036 H.	Camión basculante 12 Tm.	20,64	0,07	
MAE12	0,0024 H.	Apisoadora estática 8-12 T.	21,32	0,05	
MBARREDO	0,0012 H.	Barredora.	10,32	0,01	
PA	0,0080 M3	Area.	15,13	0,12	
PECR2	0,0010 Tm	Emulsión ECR-2.	297,86	0,30	
					0,20
					0,19
					0,42
					0,80
				6,00%	0,05
TOTAL PARTIDA					0,85

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 00OD17S06

Código	Cantidade Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
STOP		Ud Sinal de STOP. Sinal octogonal de STOP, de 60 cm. reflectinte, colocada, incluso parafuxería e poste, totalmente rematada.			
OE	0,0010 H.	Encargado de obra.	14,92	0,01	
OO1	0,4000 H.	Oficial 1ª.	13,42	5,37	
OPO	0,4000 H.	Peón Ordinario.	12,51	5,00	
MC12	0,0780 H.	Camión basculante 12 Tm.	20,64	1,61	
PSTOP	1,0000 Ud	Sinal de STOP, i/parafuxería.	95,55	95,55	
PHM20	0,0400 M3	HM-20/P/20 de cemento Portland	62,90	2,52	
					10,39
					1,61
					98,07
					110,06
				6,00%	6,60
					116,66

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 00OD17S06

Código	Cantidade Ud	Descrición	Prezo €	Subtotal €	Importe €
CAPÍTULO SS SEGURIDADE E SAUDE					
SYS		<i>Ud Seguridade e Saúde.</i> Seguridade e Saúde durante o transcurso das obras (según anexo independente)			
		Sen descomposición			
		TOTAL PARTIDA			3.629,19

CADRO DE PREZOS DESCOMPOSTOS

Ref.: 00OD17S06

Código	Cantidade Ud	Descripción	Prezo €	Subtotal €	Importe €
CAPÍTULO XR XESTION DE RESIDUOS					
ZXR1.		<i>Ud Xestión residuos.</i> Xestión de residuos de construción e demolición.			
			Sen descomposición		
		TOTAL PARTIDA			3.177,10

ANEXO N° 2
ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE

***ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE
MEMORIA***

ESTUDO DE SEGURIDADE E SAÚDE

MEMORIA

1.- INTRODUCCIÓN

O presente estudio de Seguridade e saúde redáctase en cumprimento do disposto no Real Decreto 1627/1.997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, tendo como obxectivos a prevención de accidentes laborais, enfermidades profesionais e danos a terceiros que as actividades e medios materiais previstos poidan ocasionar durante a execución do proxecto de construción"

2.- MARCO XURÍDICO

No artigo 4 do R.D. mencionado anteriormente establécense as condicións de obrigatoriedade para a redacción do Estudio de Seguridade e Saúde nas obras de construción, vindo regulamentariamente esixido no presente caso.

- Presuposto de execución por contrata incluído no proxecto sexa igual ou superior a 450.759,08 euros (75 millóns de pesetas).
- Que a duración estimada sexa superior a 30 días laborables, empregándose nalgún momento a máis de 20 traballadores simultaneamente.
- Que o volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a 500.
- As obras de túneles, galerías, conducións subterráneas.

De acordo con iso, este estudio debe ser complementado, antes do comezo da obra, polo plan de seguridade e saúde elaborado polo contratista. O devandito plan desenvolverá as medidas preventivas previstas no estudio, adaptando estas ás técnicas e solucións que han de poñerse finalmente en obra. Eventualmente, o plan de seguridade e saúde poderá propoñer alternativas preventivas ás medidas planificadas aquí, nas condicións establecidas no artigo 7 do xa citado Real Decreto 1627/1997.

No seu conxunto, o plan de seguridade e saúde constituirá o conxunto de medidas e actuacións preventivas derivadas deste estudio, que o contratista se compromete a dispoñer nas distintas actividades e fases da obra, sen prexuízo das modificacións e actualizacións a que poida haber lugar, nas condicións regulamentariamente establecidas.

O plan de seguridade e saúde da obra incluírá un desenvolvemento máis detallado desta planificación, sinalando mediante diagramas espazo – tempo os detalles de esta, especialmente en relación cos traballos e procesos a realizar nos tallos de maior significación preventiva (movemento de terras, afirmado, estruturas, etc.).

A base legal deste estudio, así como do citado Real Decreto 1627/97, dictado no seu desenvolvemento, é a Lei 31/1.995, do 10 de novembro, de prevención de riscos laborais, o desenvolvemento regulamentario da cal, de aplicación directa ao estudio de Seguridade e saúde, en tanto que establece normas que deben ser observadas parcial ou totalmente na súa redacción e posterior cumprimento que, sen prexuízo das recollidas no prego de condicións deste estudio.

3.- OBRIGAS DAS EMPRESAS CONTRATADAS

Son as seguintes:

Cada unha das empresas contratadas pola promotora deberá elaborar un Plan de seguridade e saúde no que se recollan:

- Descrición do proceso construtivo, segundo o seu sistema de execución da obra.
- Unidades de obra que van executar.
- Os riscos aos que están expostos.
- As normas de seguridade que deben aplicar para evitar os riscos
- Equipos de protección individual.
- Medios de protección colectiva.

Todo iso, correspondente aos traballos que van realizar; tendo en conta os medios humanos e materiais cos que contan.

O Plan de Seguridade e Saúde será presentado antes do comezo dos traballos, ao Coordinador de Seguridade e Saúde, que emitirá informe para a súa aprobación por parte da Administración pública que adxudica a obra. Mentres tanto non se poderán comezar os traballos.

Cada empresa contratista antes do comezo dos traballos comunicará o nomeamento dun responsable na obra de vixiar o cumprimento por parte dos seus traballadores das medidas preventivas establecidas no plan de seguridade.

As empresas contratistas acreditarán a formación e información de todos os seus traballadores, en materia de seguridade e saúde, de acordo cos traballos que execute cada un deles.

4.- CARACTERÍSTICAS DA OBRA

DESCRICIÓN DA OBRA	Beirarrúas en rúa García Gerpe e outros
EMPRAZAMENTO	Concello de Ordes
PRAZO DE EXECUCIÓN	SEIS (6) MESES
Nº TRABALLADORES ESTIMADO	CINCO (5) OPERARIOS
ORZAMENTO PROXECTO (E.M.)	322.773,02 €
ORZAMENTO S. e S. (E.M.)	3.629,19 €
ACCESIBILIDADE	Fácil

5.- DETECCIÓN DOS FACTORES CAUSANTES DE RISCO

- Maquinaria en condicións defectuosas
- Incorrecta utilización de equipos auxiliares e materiais
- Deficiente mantemento dos materiais utilizados
- Non usar equipos de protección colectiva
- Non gardar separacións mínimas de seguridade
- Presenza de mala climatoloxía
- Realización de traballos sen coordinación
- Mala formación dos traballadores
- Non retirada de produtos inflamables
- Non realizar unha inspección previa
- Falta de organización no tallo
- Descoñecemento do tipo de terreo
- Non evacuación de augas pluviais (esgotamentos, drenaxe, etc.)
- Contactos eléctricos
- Deficiente iluminación das zonas de risco

6.- PREVENCIÓN DE RISCOS PROFESIONAIS

6.1 PROTECCIÓN INDIVIDUAIS

- Gafas antiproxeccións-antiimpactos
- Casco de polietileno
- Botas de seguridade
- Botas de goma (ou PVC) de seguridade
- Traxes impermeables
- Máscaras antipó
- Roupa de traballo
- Guantes de coiro
- Guantes de goma ou PVC
- Guantes illantes para baixa tensión
- Faixa antivibratorias
- Protector auditivo (cascos)
- Gafas antipó
- Chaleco reflectante
- Cinto de seguridade
- Faixa de protección lumbar
- Protección dieléctricas

6.2 PROTECCIÓN COLECTIVAS

- Acoutar con vallas e varandas
- Sinalización de seguridade
- Regar con auga

- Esteamentos e apuntalamentos
- Topes para vehículos
- Pasarelas para peóns
- Taboleiros resistentes, redes ou elementos equivalentes
- Cable de seguridade para ancoraxes do cinturón
- Toma de terra
- Iluminación artificial

7.- ACTIVIDADES QUE COMPOÑEN A OBRA PROXECTADA

En relación coas condicións de seguridade e saúde laboral que se producirán ó longo da execución da obra proxectada, considéranse as seguintes actividades constructivas de forma diferenciada:

- Demolición de firmes
- Escavación de gabias
- Recheo de gabias
- Sostementos e esteamentos
- Construcción de pozos
- Pavimentación de firmes
- Obras de formigón armado
- Encofrado e desencofrado
- Colocación de ferralla
- Instalación de equipos
- Obras de fábrica
- Instalación de liñas eléctricas
- Obras complementarias e remates

7.1 DEMOLICIÓN DE FIRMES

7.1.1 Riscos mais frecuentes

- Salto de partículas
- Desprendemento de cascotes
- Contaminación
- Ruídos e vibracións
- Caídas ó mesmo nivel
- Atropelos, colisións e volcos
- Contactos eléctricos directos/indirectos

7.1.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Antes de iniciarse os traballos de demolición, debe comprobarse a presenza de servizos enterrados que poidan verse afectados durante as obras.

Se hai que manter o subministro de algún destes servizos durante os traballos de demolición, os conductos deben quedar protexidos de maneira adecuada contra todo dano.

Colocaranse vallas e varandas arredor da zona perigosa.

Regarase con auga a intervalos convenientes para evitar a xeración de po.

7.2 ESCAVACIÓN DE GABIASE POZOS

7.2.1 Riscos mais frecuentes

- Desprendemento de terras
- Volcos e atropelos con maquinaria
- Danos a estruturas lindantes ou viais
- Caídas a mesmo nivel
- Caídas a distinto nivel
- Interferencias por conduccións
- Inundacións
- Golpes por obxectos
- Caídas de obxectos
- Caídas de maquinaria e material no interior da escavación
- Vibracións e ruído
- Xeración de po
- Contactos eléctricos
- Condicións climatolóxicas extremas

7.2.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Previo ó inicio dos traballos realizarase unha inspección do terreo e das instalacións lindantes.

Prohíbese o abasto de terras ou materiais a menos de 2 m dos bordes da escavación.

Eliminaranse todos os birlos ou viseiras, das frontes de escavación.

As ramplas de acceso de vehículos terán pendentes e anchuras axeitadas.

As frontes e paramentos verticais de escavación inspeccionaranse ao iniciar os traballos.

Sinalizarase mediante unha liña a distancia de seguridade mínima de aproximación, de 2 metros, ao bordo das escavacións.

As coroações de noiros permanentes, ás que deban acceder persoas, protexeranse mediante unha varanda de 90 cm de altura, con listón intermedio e rodapé, situada como mínimo a 2 metros do bordo do noiro.

Eliminaranse as árbores, arbustos e matos con raíces que queden ao descuberto e diminúan a estabilidade propia gabiase e do corte.

Inspeccionaranse os esteamentos antes do inicio de calquera traballo.

-Estearanse os noiros en función do seguinte criterio:

PENDENTE	TIPO DE TERREO
1/1	Movedizo
1/2	Brandos, pero resistentes
1/3	Moi compactos

En caso de presenza de auga na obra, procederase o seu achique para previr alteracións no terreo.

As manobras de carga a culler de camións, serán dirixidas por unha persoa autorizada.

Conservaranse os viais da obra, cubrindo fochas, eliminando baldóns e compactando o piso.

Habilitaranse accesos diferenciados e separados para persoas e para vehículos.

Prohíbese a permanencia dentro do radio de acción da maquinaria.

Estearanse as gabias cando a súa profundidade sexa igual ou superior a 1,5 metros.

Prohíbese realizar calquera traballo ao pé de noiros inestables.

Prohíbese permanecer ao pé dunha fronte de escavación recentemente aberta, antes de proceder ao seu saneo.

Cando as gabias e baleirados teñan unha profundidade igual ou superior a 2 metros, protexeranse mediante unha varanda de 90 cm de altura, con listón intermedio e rodapé, situada como mínimo a 2 metros do bordo.

Cando as gabias e baleirados teñan unha profundidade inferior a 2 metros, delimitarase o seu perímetro mediante balizamento.

O persoal que traballe no interior de gabias coñecerá os riscos aos que pode estar exposto.

O acceso e saída das gabias realizarase mediante escaleiras sólidas. As escaleiras superarán en 1 metro o bordo da gabia.

Se os traballos requiren iluminación, efectuarase mediante torres illadas con toma de terra, nas que se instalarán proxectores de intemperie, alimentados dende o cadro xeral de obra.

Se os traballos requiren iluminación portátil, a alimentación das lámpadas será a 24 voltios. Os portátiles estarán provistos de reixa protectora e de carcasa illada electricamente.

7.3 RECHEO DE TERRAS

7.3.1 Riscos mais frecuentes

- Exceso de carga dos vehículos
- Caídas de persoal e material a distinto nivel
- Caídas de persoal e material ó mesmo nivel
- Interferencia de vehículos
- Atropelos de persoas
- Volco de vehículos
- Vibracións e ruído
- Po

7.3.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

O persoal que manexe a maquinaria de obra será especialista, estarán en posesión da documentación que acredite a súa capacitación.

Os vehículos serán revisados periodicamente.

Non se sobrecargarán os vehículos por enriba da súa carga máxima admisible, a cal levarán sempre escrita de forma visible.

Prohíbese o transporte de persoal fóra da cabina de condución e en número superior ao dos asentos existentes no interior.

Os equipos de carga serán dirixidos por un xefe de equipo que coordinará as manobras.

Regaranse periodicamente os tallos, as cargas e as caixas de camión, para evitar ambientes pulvixenos.

Sinalizaranse os accesos e percorrido dos vehículos no interior da obra.

Instalaranse no bordo dos terrapléns de vertedura, topes sólidos de limitación de percorrido.

Prohíbese a permanencia de persoas nun radio de 5 metros en torno aos compactadores en funcionamento.

Os vehículos disporán de avisador acústico de retroceso.

Os vehículos disporán de cabina de seguridade antixiro.

Os condutores dos vehículos de cabina pechada están obrigados a utilizar o casco de seguridade ao abandonar a cabina no interior da obra.

7.4 SOSTEMENTOS E ESTEAMENTOS

7.4.1 Riscos mais frecuentes

- Desprendemento de terras e paneis
- Atrapamentos do persoal
- Proxeccións de partículas ós ollos
- Salpicaduras
- Golpes, cortes e pinchadas
- Caídas ó mesmo nivel
- Caídas a distinto nivel
- Fallos no esteamento
- Volco de vehículos
- Caídas de material

7.4.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Prohíbese a permanencia de operarios que non interveñan nestas actividades, a unha distancia de 2 m. do bordo dunha escavación.

Sinalizaranse e encintaranse as zonas de traballo mediante o emprego de fita de plástico.

Antes de comezar a xornada revisaranse os esteamentos, tensando os codais que se afrouxaran.

Evitarase golpear o esteamento durante as operacións de escavación. Os seus elementos non se utilizarán para o ascenso ou descenso, nin se apoiarán cargas (conduccións) nos codais.

O esteamento realizarase sempre sobre paredes verticais, nunca inclinadas.

Colocaranse escaleiras no interior da gabiá, separadas a unha distancia máxima de 30 m.

Os paneis dos esteamentos sobresairán sobre o terreo unha distancia mínima de 15 cm.

Os paneis e demais elementos que forman os esteamentos abastaranse nun lugar apropiado e perfectamente valado en todo o seu perímetro.

Os esteamentos quitaranse só cando deixen de ser necesarios.

7.5 CONSTRUCCIÓN DE POZOS DE REXISTRO

7.5.1 Riscos mais frecuentes

- Caídas a distinto nivel.
- Caídas ao mesmo nivel.
- Caída ou xiro dos paramentos de pozo ou noiro.
- Golpes ou cortes por obxectos.
- Golpes ou cortes por ferramentas.
- Sobre esforzos.
- Contactos eléctricos.
- Intoxicación por gases.
- Explosión por gases ou líquidos.
- Accidentes causados por seres vivos.
- Infeccións.
- Dermate por contacto co cemento.

7.5.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Os tubos para as conduccións abastaranse nunha superficie o máis horizontal posible, sobre durmintes de madeira, nun receptáculo delimitado por pés dereitos.

Sempre que exista perigo de derrubamento procederase a estear.

As escavacións de pozos executarase entubando para evitar derrubamentos sobre as persoas.

Prohíbese a permanencia en solitario no interior de pozos.

O ascenso ou descenso a pozos e gabias realizarase mediante escaleiras normalizadas firmemente ancoradas. Cumpriranse todas as medidas preventivas relativas ao uso de escaleiras de man.

Os pozos e gabias terán iluminación abonda. A enerxía eléctrica subministrarse a 24 V e todos os equipos serán blindados.

Prohíbese fumar no interior dos pozos e gabias.

Ao primeiro síntoma de mareo no interior dun pozo ou gabia, comunicarse aos compañeiros e evacuarase, poñendo en coñecemento da Dirección Facultativa.

Prohíbese o acceso ao interior dos pozos gabias a toda persoa allea ao proceso de construción.

No ámbito dos pozos e das gabias con profundidade superior a 2 metros instalarase unha varanda de protección, de 90 centímetros de altura.

Utilizaranse tapas de madeira encaixadas nas " bocas dos pozos".

Nos lugares nos que se prevexa a presenza de gases nocivos, disporase unha manguera de ventilación.

A prohíbe expresamente utilizar lume para a detección de gases. A detección de gases realizarase por medios seguros e fiables.

Vixiarase a existencia de gases nocivos. En caso de detección ordenarase o desaloxo inmediato.

7.6 COLOCACIÓN DE CANALIZACIÓNS

7.6.1 Riscos mais frecuentes

- Golpes e cortes
- Caídas de material
- Caídas ao mesmo nivel de persoas e materiais
- Proxección de partículas

- Caídas a distinto nivel de persoas e materiais
- Interferencias con outras conducións
- Salpicaduras e po
- Atrapamentos
- Xiro de maquinaria
- Feridas en mans e pés

7.6.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Sempre que se prevea o paso de persoas ou vehículos alleos á obra, disporanse a todo o longo da gabia, no bordo contrario ao que se abatan os produtos da escavación, ou ambos os dous lados se estes non existen, valla que se iluminan cada certa distancia.

Cumprirá todo o especificado para a escavación en gabias e pozos.

A colocación de canalizacións cando non se poida realizar por medio dos operarios, empregarase un camión grúa o cal soportará cada tubo a colocar en gabia a través de dous puntos para equilibrar a carga.

Os tubos almacenaranse nun lugar destinado para iso e estarán perfectamente amoreados e acufiados para que non se produzan desprendementos.

7.7 EXTENDIDO DE FIRMES

7.7.1 Riscos mais frecuentes

- Caídas ao mesmo nivel
- Caídas a distinto nivel
- Golpes por obxectos, cortes e picadas
- Colisións e atropelos por circulación de vehículos e máquinas.
- Xiros
- Atrapamentos por partes móbiles das máquinas
- Proxección de partículas aos ollos
- Queimaduras
- Incendios
- Gases e vapores
- Po
- Ruído

7.7.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Antes de iniciar os traballos resolveranse as posibles interferencias con conducións aéreas e enterradas, que poidan afectar ás áreas de movementos de vehículos.

Cando os traballos se realicen en estradas en servizo dirixirase o tráfico con axuda de sinalistas, que disporán de chalecos reflectantes, sinais manuais e radioteléfonos para ordenar o tráfico.

Sinalizaranse os accesos e percorridos dos vehículos no interior da obra para evitar interferencias con operarios ou outros vehículos.

Sinalizaranse os accesos á vía pública mediante sinais normalizados de "perigo indefinido", "perigo saída de camións" e "STOP".

Os vehículos e maquinaria serán unicamente manexados polos operarios asignados.

Disporanse as medidas necesarias para previr que os vehículos e máquinas se poñan en movemento accidentalmente.

Os movementos de vehículos e máquinas serán regulados se fose preciso por persoal auxiliar de obra que axudará a condutores e maquinistas na correcta execución das manobras e impedirá a presenza de persoas alleas a estes traballos.

Os vehículos cargaranse axeitadamente tanto en peso a transportar coma en distribución da carga, establecéndose o control necesario para que non se produzan excesos que poidan provocar riscos de caída incontrolada de material dende os vehículos ou circulación destes con sobrecarga.

Prohibese a permanencia de operarios nun radio non inferior aos 5 m entorno ás compactadoras e apisoadoras en funcionamento, así como colocarse detrás dos camións que traen o material.

Non se permitirá transportar persoas en máquinas que non dispoñan de asentos para acompañalos.

Nos traballos en proximidades de liñas eléctricas respectaranse as distancias consideradas no Regulamento de Liñas Eléctricas de Alta Tensión.

En todo momento manteranse as zonas de estendido limpas, ordenadas e suficientemente iluminadas, se fose necesario realizar traballos nocturnos.

Os traballos realizaranse cunha iluminación mínima de 100 lux.

A iluminación mediante portátiles farase con portalámpara de mango illante e reixa de protección da lámpada, alimentados a 24 V.

7.8 EXTENDIDO DE BASES DE FIRMES

7.8.1 Riscos mais frecuentes

- Caídas ao mesmo nivel
- Caídas a distinto nivel
- Golpes por obxectos, cortes e picadas
- Colisións e atropelos por circulación de vehículos e máquinas.
- Xiros
- Atrapamentos por partes móbiles das máquinas
- Proxección de partículas aos ollos
- Queimaduras
- Incendios
- Gases e vapores
- Po
- Ruído

7.8.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Regaranse periodicamente os tallos para impedir que se forme polvareda.

Manteranse as zonas de traballo limpas, ordenadas e suficientemente iluminadas, se fose necesario realizar traballos nocturnos.

En traballos de compactación teranse en conta as seguintes medidas preventivas:

Instruír convenientemente o persoal que manexe a maquinaria a utilizar na compactación.

O maior perigo destas máquinas reside nos descoidos do traballador, xa que o traballo é moi monótono. Terase en conta esta circunstancia, sobre todo cando haxa presentes varios equipos de traballo na mesma zona.

En caso de avaría mecánica en pendentes, todos os operadores deberán coñecer os procedementos de actuación para estes casos.

Sinalizaranse os bordos de terrapléns para evitar unha aproximación excesiva que provoque o xiro da máquina.

7.9 OBRAS DE FORMIGÓN ARMADO

7.9.1 Riscos mais frecuentes

- Caídas de persoas/obxectos ó mesmo nivel
- Caídas de persoas/obxectos a distinto nivel
- Pisadas sobre obxectos punzantes
- Contactos con formigón
- Atrapamentos
- Vibracións e ruído
- Electrocuciión
- Golpes e cortes
- Golpes con obxectos móbiles
- Proxección de partículas
- Atropelos
- Xiros
- Contactos co formigón (dermatite)

7.9.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Vertido de formigón mediante canaleta

Instalaranse fortes topes de final de percorrido dos camións formigoneira para evitar os xiros. De tódolos xeitos prohibese acercar as rodas do camiión formigoneira a menos de 2 m do borde da escavación.

Prohibese situar ós operarios detrás dos camiións formigoneira durante o retroceso.

Instalarase un cable de seguridade amarrado a puntos sólidos, no que enganchar o mosquetón de seguridade nos tallos con risco de caída dende altura.

A manobra de vertido será dirixida por un capataz que vixiará que non se realicen manobras inseguras.

Vertido do formigón mediante cubo ou alcatruz

Prohibese cargar o cubo por riba da carga máxima admisible da grúa que o sustenta.

Delimitaranse as zonas batidas polo cubo

A apertura do cubo para o vertido executarase accionando a súa palanca, coas mans protexidas con luvas impermeables.

A manobra de aproximación, dirixirase mediante sinais preestablecidas facilmente intelixibles polo gruista ou mediante teléfono autónomo.

Procurarase non golpear co cubo os encofrados ou as esteamentos.

Do cubo penderán cabos de guía para axuda a súa correcta posición de vertido. Queda prohibido guialo ou recibilo directamente.

Instalarase un cable de seguridade amarrado a puntos sólidos, no que enganchar o mosquetón do cinto de seguridade en tallos con risco de caída dende altura.

A manobra de vertido será dirixida por un Capataz que vixiará que non realicen manobras inseguras.

Formigonado por bombeo

A manobra de vertido será dirixida por un capataz que vixiará que non se realicen manobras inseguras.

O equipo encargado do manexo da bomba de formigón estará especializado neste traball.

Delimitaranse as zonas de actuación.

Os dispositivos de seguridade do equipo de bombeo, estarán sempre en perfectas condicións de funcionamento. Queda prohibida a súa modificación ou manipulación.

O vixiante de seguridade, antes de iniciar o bombeo do formigón, comprobará que as rodas da bomba están bloqueadas mediante calzos e os gatos estabilizadores en posición co encravamento mecánico ou hidráulico instalado.

A canalización de formigonado apoiarase sobre cabaletes. Arriostaranse as partes susceptibles de movemento.

A manguera terminal de vertido, será gobernada por un mínimo de 2 operarios, para evitar as caídas por movemento incontrolado.

Antes do comezo do formigonado establecerase un camiño seguro para os operarios que gobernen o vertido coa manguera.

O formigonado de piares e elementos verticais, executarase gobernando a manguera dende casteluchos de formigonado.

O manexo, montaxe e desmontaxe da canalización da bomba de formigonado, serán dirixidos por un operario especialista, para evitar accidentes por "tapóns" e "sobrepresións" internas.

Antes de iniciar o bombeo de formigón prepararase o conduto (engraxado de canalizacións) enviando masas de morteiro de dosificación.

Prohíbese introducir ou accionar a pelota de limpeza sen antes instalar a "rede" de recollida á saída da manguera tras o percorrido total, do circuito. En caso de detención da bóla, paralizarase a máquina. Reducirase a presión a cero e desmontarase a continuación a canalización.

Os operarios amarrarán a manguera terminal antes de iniciar o paso da pelota de limpeza, a elementos sólidos, apartándose do lugar antes de iniciarse o proceso.

Revisarase periodicamente os circuitos de aceite da bomba de formigonado.

Ó persoal encargado do manexo da bomba de formigón, faráselle entrega da seguinte normativa de prevención:

Antes de iniciar a subministración asegurarse de que todos os acoplamento de panca teñen en posición de inmovilización os seus pasadores.

Antes de verter o formigón na moega asegurarse de que está instalada a grella.

Non tocar nunca directamente coas mans a moega ou o tubo oscilante se a máquina está en marcha.

Se hai que efectuar traballos na moega ou no tubo oscilante, primeiro parar o motor de accionamento, purgar a presión do acumulador a través da billa, logo efectuar a tarefa que se requira.

Non traballar co equipo de bombeo en posición de avaría ou de semiavaría. Deter o servizo, para a máquina.

Se o motor é eléctrico: antes de abrir o cadro xeral de mando, asegurarse da súa total desconexión; non intentar modificar ou pontear os mecanismos de protección eléctrica.

Comprobar diariamente, antes do inicio da subministración, o estado de desgaste interno da canalización de transporte mediante un medidor de espesores. Non medir o bo estado da canalización mediante golpeo.

Se hai que bombear a gran distancia, antes de subministrarlle o formigón, probar os condutos baixo presión deas seguridade.

Respectar o texto de todas as placas de aviso instaladas na máquina.

Formigonado de alicerces

Antes da vertedura do formigón revisarase o bo estado de seguridade dos esteamentos e dos encofrados.

Manterase a limpeza durante esta fase, eliminando antes da vertedura puntas, restos de madeira, redondos e arames.

Instalaranse pasarelas de circulación de persoas sobre as gabias a formigonar, formadas por un mínimo de tres taboleiros trabados (60 cm de anchura).

Sempre que sexa posible, o vibrado efectuarase estacionándose o operario no exterior da gabia.

Para vibrar o formigón dende posicións sobre a cimentación que se formigona estableceranse plataformas de traballo móbiles, formadas por un mínimo de tres taboleiros que se disporán perpendicularmente ao eixe da gabia ou zapata.

7.10 ENCOFRADO E DESENCOFRADO

7.10.1 Riscos mais frecuentes

- Desprendemento de amoreamentos
- Golpes nas mans e cortes
- Caídas do encofrado
- Pisadas sobre obxectos punzantes
- Sobreesforzos
- Caídas de operario e/ou material ó mesmo nivel
- Caídas a distinto nivel
- Golpes por caídas de obxectos desprendidos
- Atrapamentos
- Derrubo de cargas
- Dermatitis por contacto co cemento

7.10.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Instalación de cimbras e apeos

Antes do comezo dos traballos, verificarase pola Dirección de Obra que a cimentación sobre a que se apoiarán as cimbras presenta unha resistencia e asentamento axeitado para os esforzos a soportar.

A colocación das cimbras e os apeos realizarase mediante grúa, suxeitándose o manexo desta ás normas de seguridade previstas no apartado correspondente de maquinaria.

O guiado das pezas ata o seu asentamento realizarase mediante cabos de retida, nunca directamente coas mans.

Está prohibido transportar as cargas por enriba dos operarios.

Non se procederá ao desenganche das pezas da grúa ata que esta estea completamente asentada e fixada á cimentación que a soporte.

Antes de proceder á retirada total da cimbra esta manterase despegada dous ou tres centímetros durante doce horas antes de ser retiradas por completo.

Ata a instalación de varandas que protexan o risco de caída en altura dende a mesa de encofrado, o acceso e permanencia na devandita zona realizarase imprescindiblemente mediante a utilización de arnés de seguridade.

Durante a permanencia de traballadores en altura, sen protección de varandas, estes disporán de arnés de seguridade anticaída ancorado a elementos firmes e sólidos.

Encofrado e desencofrado

O transporte con grúa de taboleiros efectuarase con bateas emplintadas, no interior das cales se disporán os taboleiros ordenados e suxeitos mediante aros ou cordas suxeitas con nós de mariñeiro.

Os traballos de encofrado estarán dirixidos por persoal competente.

O desprendemento de taboleiros executarase mediante uña metálica.

Concluído o desencofrado, amorearanse os taboleiros ordenadamente para o seu transporte sobre bateas emplintadas, suxeitas con sogas con nós de mariñeiro.

Rematado o desencofrado procederase a un varrido da planta para retirar os entullos e proceder á súa evacuación.

Todas as madeiras e elementos do encofrado serán retirados da obra e almacenados coidadosamente. Previamente as madeiras serán desprovistas de cravos e puntas.

A serra de disco disporá das medidas de protección regulamentarias.

O persoal que empregue máquinas ferramenta contará coa autorización por escrito da Xefatura de Obra.

As ferramentas manuais transportaranse en caixas ou en bolsas portaferramentas.

Os mangos e empuñaduras das ferramentas manuais deberán ser de dimensións apropiadas, non terán bordos agudos, cortantes ou punzantes e as superficies non serán escorregadizas.

Esmerarase a orde e a limpeza durante a execución dos traballos.

7.11 COLOCACIÓN DE FERRALLA

7.11.1 Riscos mais frecuentes

- Cortes e feridas en mans e pes
- Esmagamento en carga e descarga
- Esmagamento en montaxe
- Tropezos e torceduras ó camiñar as armaduras
- Rotura de redondos
- Sobreesforzos
- Caídas ó mesmo nivel
- Caídas a distinto nivel

7.11.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

Para o desprazamento das armaduras empregarase unha grúa. Un auxiliar avisará o operador da grúa da existencia de obstáculos e da presenza de persoas.

O transporte e o izado das armaduras realizarase suxeitando estas, por dous puntos separados, mediante de eslingas.

Ningún traballador estará no radio de movemento das armaduras transportadas.

Se durante o transporte a armadura ha de ser dirixida, nunca se fará coa man senón con cordas ou ganchos.

A ferralla situarase afastada do ámbito inmediato da obra.

As máquinas dobladoras e cizallas terán todas as medidas de seguridade regulamentarias.

Os paquetes de redondos deben depositarse horizontalmente sobre durmintes de madeira, evitando alturas excesivas.

A ferralla montada transportarase ao punto de situación suspendida mediante eslingas, suxeitadas en dous puntos distantes.

Os restos ou recortes de ferros e aceiro abastaranse en sitios estratéxicos para a súa posterior evacuación.

Efectuarase un varrido diario de puntas, arames, e recortes de ferralla.

As ferramentas manuais transportaranse en caixas ou bolsas portaferramentas.

7.12 INSTALACIÓN DE LIÑAS ELÉCTRICAS

7.12.1 Riscos mais frecuentes

- Cortes
- Caídas de operarios e/ou material ó mesmo nivel
- Caídas a distinto nivel
- Golpes
- Contactos eléctricos
- Picadas de mans

- Electrocución ou queimaduras
- Incendios

7.12.2 Normas básicas de seguridade e proteccións colectivas

En todo momento manteranse as zonas de traballo limpas e ordenadas.

Os postos de traballo que non dispoñan de iluminación natural suficiente, dotaranse de iluminación artificial, a intensidade mínima da cal será de 100 lux.

En réxime de chuvia intensa, neve ou xeo suspenderanse os traballos.

Cumprirase todo o relativo á escavación de gabias ou pozos en canto ás medidas de protección colectiva.

Sinalizaranse as zonas de traballo.

A iluminación mediante lámpadas portátiles farase con portalámparas estancos con material illante e reixa de protección.

Prohíbese anular a toma de terras das máquinas-ferramentas. Prohíbese o conexiónado con cables eléctricos ós cadros de alimentación sen a utilización de caravillas macho-femias.

Para evitar a conexión accidental á rede, o último cableado que se executará será o que vai do cadro xeral ao da compañía subministradora.

Cando se preveza na zona a existencia doutros servizos, localizarase o seu trazado e solicitarase a súa posta fora de servizo se fose necesario.

As ferramentas estarán dotadas de grao de illamento II.

No lugar de traballo atoparanse sempre dous operarios como mínimo.

8.- MEDIDAS PREVENTIVAS RELATIVAS Á MAQUINARIA, INSTALACIÓNS AUXILIARES E EQUIPOS DE TRABALLO

8.1 MEDIDAS XERAIS PARA A MAQUINARIA PESADA

Recepción da maquinaria

A súa chegada á obra, cada máquina debe levar na súa carpeta de documentación as normas de seguridade para os operadores.

A súa chegada á obra, cada máquina irá dotada dun extintor timbrado e coas revisións ó día.

Cada maquinista deberá posuír a formación adecuada para que o manexo da máquina se realice de forma segura e, en caso contrario, será substituído ou formado adecuadamente.

A maquinaria a empregar na obra irá provista de cabinas antivolco e antiimpacto.

As cabinas non presentarán deformacións como consecuencia de sufriren algún volco.

A maquinaria estará dotada de luces e bucina ou serea de retroceso, todas elas en correcto estado de funcionamento.

Utilización da máquina

Antes de iniciar cada quenda de traballo, comprobarase sempre que os mandos da máquina funcionan correctamente.

Prohíbese o acceso á cabina de mando de máquina cando se utilicen vestimentas sen cinguir e xoias ou adornos que poidan engancharse nos salientes e nos controis.

Imporase o bo costume facer soar a bucina antes de comezar a mover a máquina.

O maquinista axustará o asento de maneira que alcance todos os controis sen dificultade.

As subas e baixadas da máquina realizaranse polo lugar previsto para iso, empregando os chanzos e aseiro dispostos para tal fin e nunca empregando as lamiás, cubertas e gardalamas.

Non se saltará da máquina directamente ao chan, salvo en caso de perigo inminente para o maquinista.

Só poderán acceder á máquina persoas autorizadas a iso polo xefe de obra.

Antes de arrancar o motor, o maquinista comprobará sempre que todos os mandos están na súa posición neutra, para evitar postas en marcha imprevistas.

Antes de iniciar a marcha, o maquinista asegurase de que non existe ninguén preto, que poida ser arrastrado pola máquina en movemento.

Non se permitirá liberar os freos da máquina en posición de parada se antes non se instalaron os tacos de inmovilización das rodas.

Se fose preciso arrancar o motor mediante a batería doutra máquina, extremaranse as precaucións, debendo existir unha perfecta coordinación entre o persoal que teña que facer a manobra. Nunca se debe conectar á batería descargada outra de tensión superior.

Cando se traballe con máquinas con tren de rodaxe de pneumáticos, será necesario vixiar que a súa presión é a recomendada polo fabricante. Durante o recheo de aire dos pneumáticos o operario situarase tras a banda de rodadura, apartado do punto de conexión, pois o rebentón da manguera de subministración ou a rotura da boquilla, poden facela actuar como un látego.

Sempre que o operador abandone a máquina, aínda que sexa por breves instantes, deberá antes facer descender o equipo ou útil ata o chan e colocar o freo de aparcamento. Se se prevé unha ausencia superior a tres minutos deberá, ademais, parar o motor.

Prohibirase empolicarse á máquina cando esta estea en movemento.

Co obxecto de evitar xiros da maquinaria por deformacións do terreo mal consolidado, prohibirase circular e estacionar a menos de tres metros do bordo de barrancos, gabias, noiros de terraplén e outros bordos de explanacións.

Antes de realizar baleirados a media aba con vertedura cara á pendente, inspeccionarase detidamente a zona, en prevención de desprendementos ou aludes sobre as persoas ou cousas.

Circularase coas luces acendidas cando, a causa do po, se poida ver diminuída a visibilidade do maquinista ou doutras persoas cara á máquina.

Estará terminantemente prohibido transportar persoas na máquina, se non existe un asento axeitado para iso.

Non se utilizará nunca a máquina por enriba das súas posibilidades mecánicas, é dicir, non se forzará a máquina con cargas ou circulando por pendentes excesivas.

Reparacións ou mantemento en obra

Nos casos de fallos na máquina, emendaranse sempre as súas deficiencias antes de continuar o traballo.

Durante as operacións de mantemento, a maquinaria permanecerá sempre co motor parado, o útil de traballo apoiado no chan, o freo de man activado e máquina bloqueada.

Non se gardará combustible nin trapos graxentos sobre a máquina, para evitar riscos de incendios.

Non se levantará en quente a tapa do radiador. Os vapores desprendidos de forma incontrolada poden causar queimaduras ao operario.

O cambio de aceite do motor e do sistema hidráulico efectuarase sempre co motor frío, para evitar queimaduras.

O persoal que manipule baterías deberá utilizar lentes protectores e luvas impermeables.

Nas proximidades de baterías prohibirase fumar, acender lume ou realizar algunha manobra que poida producir un chispazo eléctrico.

As ferramentas empregadas no manexo de baterías deben ser illantes, para evitar cortocircuitos.

Evitarase sempre colocar enriba da batería ferramentas ou elementos metálicos, que poidan provocar un cortocircuíto.

Sempre que sexa posible, empregaranse baterías blindadas, que leven os bornes intermedios totalmente cubertos.

Ao realizar o repostaxe de combustible, evitarase a proximidade de focos de ignición, que poderían producir a inflamación do gasóleo.

A verificación do nivel de refrixerante no radiador debe facerse sempre coas debidas precaucións, tendo coidado de eliminar a presión interior antes de abrir totalmente o tapón.

Cando se deba manipular o sistema eléctrico da máquina, o operario deberá antes desconectar o motor e extraer a chave do contacto.

Cando se deban soldar canalizacións do sistema hidráulico, sempre será necesario baleiralas e limpalas de aceite.

8.2 MAQUINARIA PARA MOVIMIENTO DE TERRAS

○ *Bulldozers e tractores*

Como norma xeral, evitarase no posible superar os 3 Km./h de velocidade durante o movemento de terras.

Como norma xeral, tamén, prohibirase a utilización dos bulldozers nas zonas da obra con pendentes que alcancen o 50%.

En traballos de roza ao pé de noiros xa construídos, inspeccionaranse os materiais (árbores, rochas, etc.) inestables, que puidesen desprenderse accidentalmente sobre o tallo. Solo unha vez saneado o noiro procederase ao inicio dos traballos coa máquina.

○ *Palas cargadoras*

As pas cargadoras irán dotadas dunha botica de primeiros auxilios de primeiros auxilios, axeitadamente resgardada e mantida limpa interna e externamente.

Revisaranse periodicamente todos os puntos de escape do motor, co fin de asegurar que o condutor non recibe na cabina gases procedentes da combustión. Esta precaución extremarase nos motores provistos de ventilador de aspiración para o radiador.

As pas cargadoras que deban transitar pola vía pública cumprirán coas disposicións regulamentarias necesarias para estar autorizada.

Os condutores aseguraranse sempre de que non existe perigo para os traballadores que se atopen no interior de pozos ou gabias próximos ao lugar de traballo da máquina.

Os condutores, antes de realizar novos percorridos, farán a pé o camiño de traballo, co fin de observar as irregularidades que poidan dar orixe a oscilacións verticais ou horizontais da culler.

O maquinista estará obrigado a non arrancar o motor da máquina sen antes asegurarse de que non hai ninguén na súa área de operación.

Prohibirase terminantemente transportar persoas no interior da culler.

Prohibirase terminantemente izar persoas para acceder a traballos puntuais utilizando a culler.

Prohibirase que os condutores abandonen a pa coa culler izada e sen apoiar no chan.

A culler, durante os transportes de terras, permanecerá o máis baixa posible, para que a máquina poida desprazarse coa máxima estabilidade.

Os ascensos ou descensos en carga da culler efectuaranse sempre utilizando marchas curtas.

A circulación sobre terreos desiguais efectuarase a velocidade lenta.

Prohibirase o manexo de grandes cargas (culleres a pleno enchido), cando existan fortes ventos na zona de traballo. O choque do vento pode facer inestable a carga.

Prohibirase durmir baixo a sombra proxectada pola máquina en repouso.

○ *Motoniveladoras*

O operador asegurarse en cada momento da axeitada posición da coitela, en función das condicións do terreo e fase de traballo en execución.

Circularase sempre a velocidade moderada.

O condutor fará uso da bucina cando sexa necesario apercebir da súa presenza e sempre que vaia iniciar o movemento de marcha atrás.

Ao abandonar a máquina, o condutor asegurarse de que está freada e de que non pode ser posta en marcha por persoa allea.

O operador utilizará casco sempre que estea fóra da cabina.

O operador haberá de coidar axeitadamente a máquina, dando conta de fallos ou avarías que advirta e interrompendo o traballo sempre que estes fallos afecten a freos ou dirección, ata que a avaría quede emendada.

As operacións de mantemento e reparacións, faranse coa máquina parada e coa coitela apoiada no chan.

Estará prohibida a permanencia de persoas na zona de traballo da máquina.

o *Retroescavadora*

As retroescavadoras a utilizar nesta obra estarán dotadas de luces e bucina de retroceso en correcto estado de funcionamento.

No ámbito da máquina, prohibirase a realización de traballos ou a permanencia de persoas. Esta zona acoutarase a unha distancia igual á do alcance máximo do brazo escavador. Conforme vaia avanzando a retroescavadora, marcaranse con cal ou xeso bandas de seguridade. Estas precaucións deberán extremarse en presenza doutras máquinas, en especial, con outras retroescavadoras traballando en paralelo. Nestes casos será recomendable a presenza dun sinalista.

Os camiños de circulación interna da obra, coidaranse para evitar blandóns e lamazais excesivos, que mingüen a seguridade da circulación destas máquinas.

O maquinista debe tomar toda clase de precaucións cando traballa con culler bivalva, que pode oscilar en todas as direccións e golpear a cabina ou ás persoas circundantes que traballan nas proximidades, durante os desprazamentos.

O avance da escavación das gabias realizarase segundo o estipulado nos planos correspondentes do proxecto.

Se se emprega culler bivalva, o maquinista antes de abandonar a máquina deberá deixar a culler pechada e apoiada no chan.

A retroescavadora deberá levar apoiada a culler sobre a máquina durante os desprazamentos, co fin de evitar balanceos.

Os ascensos ou descensos das culleres en carga realizaranse sempre lentamente.

Prohibirase o transporte de persoas sobre a retroescavadora, en prevención de caídas, golpes e outros riscos.

Prohibirase utilizar o brazo articulado ou as culleres para izar persoas e acceder así a traballos elevados e puntuais.

Prohibirase realizar manobras de movemento de terras sen antes poñer en servizo os apoios hidráulicos de inmovilización.

Antes de abandonar a máquina deberá apoiarse a culler no chan.

Quedará prohibido o manexo de grandes cargas (culler a pleno enchido), baixo réxime de fortes ventos.

Se, excepcionalmente, se utiliza a retroescavadora como grúa, deberán tomarse as seguintes precaucións:

Unha vez colocada a tubo de cada tramo, construídos os pozos e antes do recheo da zanja, o Contratista comunicará ó Director da Obra que dito tramo está en condicións de ser probado. O Director da Obra no caso de que decida probar ese tramo fixará a data, en caso contrario autorizará o recheo de zanja.

A proba realizarase obturando a entrada do tubo no pozo de augas abaixo e en calquera outro punto que puidese saírse auga, encherase completamente de auga tubo e o pozo de augas enriba a probar.

Unha vez rematada a obra e antes da recepción provisional, comprobarase o bo funcionamento da rede vertendo auga nos pozos de rexistro de cabeceira verificando o paso de auga correcto nos pozos de rexistro augas abaixo.

O contratista subministrará o persoal e os materiais necesarios para esta proba.

3.17- MARCAS VIAIS.

Será de aplicación o especificado no artigo 700 do PG-3.

3.18- SINAIS DE CIRCULACIÓN E BARREIRAS DE SEGURIDADE.

Será de aplicación o previsto no PG-3. (artigos do 701 o 704).

3.19- ILUMINACIÓN.

3.19.1- Cadro de mando e protección.

Constará dos seguinte elementos:

- Acometida
- Caixa de protección e medida
- Cadro xeral

Acometida:

A acometida ó cadro eléctrico realizarase dende o apoio máis próximo que a compañía subministradora de enerxía eléctrica teña no lugar, mediante condutor cúa sección sexa como mínimo igual ó de saída do cadro xeral.

Estará protexido mediante unha caixa xeral de protección provista de magnetotérmicos de 2x40 A ou de 4x40 segundo que a instalación sexa monofásica ou trifásica, e provista de fusibles do mesmo calibre que o nominal da caixa, situada a unha distancia mínima do solo de 2,5 m.

Caixa de protección e medida:

Colocarase a caixa xeral de protección e medida que está reflectida na memoria e outros documentos deste proxecto.

Cadro xeral:

Colocarase a caixa xeral de protección e medida que está reflectida na memoria e outros documentos deste proxecto.

No interior do cadro colocarase unha placa que protexerá dos contactos eléctricos de forma que soamente sobresaian os elementos de accionamento. O conmutador poderase accionar dende a parte exterior do cadro.

Tódalas partes metálicas do cadro poñeranse a terra mediante condutor de cobre de 35 mm² de sección e pica de 2 m de lonxitude e 14 mm de diámetro, prevíndose a colocación de terminais e grampas para a súa unión ás partes metálicas.

O condutor irá protexido por tubo metálico de 16 mm de diámetro unido ó poste mediante abrazadeiras plastificadas. A alimentación á fotocélula realizarase mediante condutor de 2x2,5 mm², illamento para 1000 V protexido mediante tubo sapa de 16 mm de diámetro ata unha altura mínima do solo de 2,5 m.

3.19.2- Soportes.

Os soportes das luminarias serán brazos metálicos de tubo de aceiro galvanizado con rematado de pintura, de lonxitude segundo orzamento, de 3 mm de espesor e diámetro de 50 mm. A suxeición á parede ou poste realizarase con variña roscada galvanizada de 8 mm de diámetro.

Os pernos de ancoraxe irán empotrados na parede con orificios o mais reducidos posible e na súa parte mais sólida.

Tódolos ferraxes empregados serán de aceiro galvanizado en quente tipo A-9 cun espesor mínimo de galvanizado de 100 micras, e en concordancia coa correspondente norma UNE.

Toda a parafuxería a empregar será de aceiro galvanizado en quente, rexeitándose calquera outro tipo.

3.19.3- Apoios.

Os apoios serán de formigón armado de sección rectangular, sendo a profundidade mínima de empotrado a dada polo R.B.T. na súa Instrución MIE BT 003, é dicir $0,1 H + 0,5$ m, onde H é a altura total do poste en metros.

3.19.4- Báculos.

Estarán formados por chapa de aceiro galvanizada en quente, dunha soa peza e de forma troncocónica. A súa parte superior irá roscada para a suxeición da luminaria e na súa parte inferior a 30 cm do solo existirá unha portezuela que aloxará a caixa de derivación.

Queda prohibida a interconexión de condutor no interior dos báculos, salvo nos lugares destinados a tal fin.

3.19.5- Condutores.

Os condutores a empregar, serán de cobre con illamento de polietileno reticulado de 1 KV. de tensión nominal, de montaxe autoportante tipo trenzado.

O tendido aéreo dos condutores poderá ser entre apoios ou grapeado nas edificacións, situando unha abrazadeira cada 50 cm. como máximo, e procurando aproveita-las posibilidades de ocultación.

Para a fixación empregaranse grampas de PVC, con taco de 8 mm.

Non se darán ós cables curvaturas superiores ás admisibles para cada tipo. En todo caso o radio interior de curvatura non será menor de seis veces o diámetro exterior dos cables.

As canalizacións soterradas realizaranse con tubo de PVC corrugado. A protección das baixantes aéreo soterradas realizarase a base de tubo de PVC ríxido introducido noutro metálico dos diámetros necesarios.

Os condutores aloxaranse no fondo dunha zanja de 60 cm. de profundidade, sobre un leito de area dun espesor de 10 cm., recheándose a zanja con terra apisonada e a 10 cm. da superficie colocarase unha indicación de canalización soterrada.

3.19.6- Luminarias. Equipo de acendido.

As luminarias serán de reparto asimétrico e estarán formadas polos seguintes elementos:

-Reflector de aluminio electroabrilantado, anodizado e selado.

-Acoplamento de aliaxe lixeira inxectada, que incorpore o equipo eléctrico.

-Cuba de metacrilato transparente, montada sobre xunta de etileno-propileno e resortes de peche.

Todo o conxunto deberá ser estanco e provisto dun adecuado sistema de ventilación.

Os condutores no interior do brazo serán illados a unha tensión nominal de 1000 V, dunha sección mínima de 2,5 mm² e non terá ningún empalme no seu interior.

Levará inscricións nas que indique o nome ou marca do fabricante, a tensión nominal en voltios, a intensidade nominal en amperios, o esquema de conexión, o factor de potencia e a potencia nominal da lámpada para a que foi prevista.

O illamento entre o devanado e núcleo e entre devanado e cuberta metálica exterior, será como mínimo de 2 megaohmios e resistirá durante un minuto unha tensión de proba de 2000 V a frecuencia industrial.

As perdas máximas admisibles non serán superiores a 10 watios.

O condensador de corrección do factor de potencia será de 10 microfaradios, de execución estanca.

3.19.7- Escavacións e formigonado

Escavacións:

As escavacións para o encastramento dos apoios serán das dimensións adecuadas á altura e esforzo dos apoios e en concordancia co vixente R.B.T. e as súas Instrucións Técnicas Complementarias; xeometricamente terán as paredes verticais e o fondo plano.

Nos prezos unitarios está incluída a apertura do foxo, os explosivos que foren necesarios, achique de auga, encofrados, e demais medios auxiliares necesarios para a escavación.

Sempre que o terreo aconselleo o contratista está obrigado ó entibado das zanzas ou pozos, para evita-lo desmoronamento das paredes, así como tamén é obriga do contratista a retirada de escombros sobrantes a vertedoiro.

Poderase utiliza-lo material de encofrado en varias ocasións, se ben, antes de ser novamente empregados deberán ser limpados e rectificadados.

Formigonado:

Os áridos serán sometidos á aprobación do Técnico Director con suficiente antelación ó seu emprego a non ser que o formigón proceda dunha planta en cuio caso deberá ter certificado de resistencia e dosificación da mesma.

O formigón procedente de planta descargarse directamente sobre o pozo ou zanza e cando isto non sexa posible sobre o terreo, sobre unhas chapas destinadas a tal fin. O amasado a man realizarase sobre pranchas metálicas ou sobre carreta, ubicados a pé do foxo ou zanza. Durante o verquido do formigón procederase ó vibrado do mesmo.

No caso dos báculos deixaranse ancoados os pernos de suxeición á distancia que fixan os planos e co apoio da pertinente patrón.

Non se permitirán as cimentacións cortadas, debéndose executar de forma continuada ata o seu remate.

Será preceptivo a execución de ensaios previos de laboratorio, a menos que o Contratista poida demostrar que, en base a experiencias previas, cos materiais, dosificación e procesos de execución previstos é posible obter un formigón que posúa as condicións requiridas.

En ningún caso se tolerará a colocación de masas que acusen principio de fraguado.

En canto a consistencia do formigón e métodos de computación o Enxeñeiro Director, á vista dos métodos de posta en obra e segundo o elemento de que se trate, fixará en cada caso as condicións precisas.

3.19.8- Defectos.

En caso de aparecer algún defecto ou deformación que o Director considere perigoso, adoptaranse as medidas que este considere oportunas, chegando, se o estimase necesario, a ordena-lo derribo e posterior reconstrución da ou das unidades defectuosas.

3.20- PEZAS PREFABRICADAS DE FORMIGÓN.

3.20.1- Materiais.

Será de aplicación o especificado nos apartados correspondentes a Obras de formigón en masa ou armado.

3.20.2- Execución das obras.

O contratista someterá á consideración do Director un Plano de transporte no que se indiquen os medios a empregar e o itinerario previsto.

As pezas que o director de obra considere que deban ser obxecto de ensaios non poderán ser enviadas á obra ata que sexan realizados ditos ensaios satisfactoriamente.

Durante o movemento e transporte das pezas asegurárase a verticalidade das mesmas usando os dispositivos precisos. Non se suxeitarán as pezas unhas con outras, senón que se levarán dispositivos independentes.

As pezas non poderán recibir cargas adicionais sen o permiso do Director.

O contratista someterá á aprobación do Director un Plano da montaxe no que se indique o método e os medios auxiliares previstos.

As pezas acopiadas a pie de obra e dispostas para a montaxe, serán examinadas unha por unha, rexeitándose todas aquelas que, por sufrir malos tratos no transporte, presenten fisuras, deconchones ou resquebraxamentos que afecten á súa resistencia, durabilidade ou estética.

Para a montaxe dos elementos estruturais pesados poderanse empregar grúas fixas ou móbiles, grúas pórtico, vigas ou pontes de lanzamento e outros. Non se permitirá o emprego de cables grúa (blondines) para a colocación das pezas prefabricadas na súa ubicación definitiva; unicamente poderanse empregar para o transporte a unha zona próxima.

3.20.3- Control e criterios de aceptación e rexeito.

Control de produción:

O control de produción das pezas prefabricadas deberá incluír, ó menos, os seguintes puntos:

- composición e fabricación do formigón.
- armaduras activas e pasivas
- accesorios das armaduras activas
- moldes
- colocación e vibrado
- curado
- dimensións xeométricas
- tesado
- inxección
- operacións de manipulación, acopio e carga das pezas para o seu envío á ubicación definitiva.

Control de recepción:

O director establecerá os lotes de mostreo e o número de probas, destrutivas e non destrutivas, a realizar en función do número de pezas do subministro e do custe unitario.

3.21- OUTRAS UNIDADES.

Calquera outra unidade de obra non mencionada no presente Prego axustarase ó prescrito no PG-3, nas Normas que lle resulten de aplicación, e, no seu defecto, ás ordes da Dirección.

CAPÍTULO 4. DESENROLO E CONTROL DAS OBRAS

4.1- ACCESO ÁS OBRAS.

Salvo prescripción específica nalgún documento contractual, serán de conta do Contratista tódalas vías de comunicación e as instalacións auxiliares para o transporte, tales como estradas, camiños, sendas, pasarelas, planos inclinados, montacargas para o acceso de persoas, transporte de materiais á obra, etc.

Estas vías de comunicación e instalacións auxiliares serán xestionadas, proxectadas, construídas, conservadas, mantidas e operadas así como demolidas, desmontadas, retiradas, abandonadas e entregadas para usos posteriores por conta e risco do contratista.

O Contratista deberá obter da Autoridade competente as oportunas autorizacións e permisos para o emprego das vías e instalacións, tanto de carácter público coma privado.

A Administración resérvase o dereito a que aquelas estradas, camiños, sendas e infraestruturas de obra civil de instalacións auxiliares de transporte, que o Director considere de utilidade para a explotación da obra definitiva ou para outros fins que a Administración estime convinte, sexan entregadas polo Contratista ó final do seu emprego por este, sen que por elo o Contratista perciba abono algún.

4.2- ACCESO ÓS TALLOS.

O presente artigo refírese a aquelas obras auxiliares e instalacións que, ademais das indicadas no Artigo deste PCT sexan necesarias para o acceso do persoal e para o transporte de materiais e maquinaria ás fontes de traballo ou tallos, xa sexa con carácter provisional ou permanente, durante o prazo de execución das obras.

A Dirección resérvase o dereito para se mesma e para as persoas autorizadas polo Director, de empregar tódolos accesos ós tallos construídos polo Contratista, xa sexa para cumprilas funcións a aquela encomendadas, como para permiti-lo paso de persoas e materiais necesarios para o desenrolo dos traballos

O Director das obras poderá esixi-la mellora dos accesos ós tallos ou a execución doutros novos, se así o estima necesario, para poder realizar debidamente a inspección das obras.

Tódolos custes do proxecto, execución, conservación e retirada dos accesos ós tallos, serán de conta do Contratista non sendo, por tanto, de abono directo.

4.3- INSTALACIÓNS AUXILIARES DE OBRA E OBRAS AUXILIARES.

Constitúe obriga do Contratista o proxecto, a construción, conservación e explotación, desmontaxe, demolición e retirada de obra de tódalas instalacións auxiliares, necesarias para a execución das obras definidas.

O seu custo é de conta do Contratista polo que non serán obxecto de abono ó mesmo.

Se considerarán instalacións auxiliares de obra as que, sen carácter limitativo, indícanse a continuación:

1. Oficina e laboratorios da Dirección de Obra
2. Instalacións de transporte, transformación e distribución de enerxía eléctrica e iluminación
3. Instalacións telefónicas e de subministro de auga potable e industrial
4. Instalacións para servizos de persoal

5. Instalacións para servizos de seguridade e vixilancia
6. Oficinas, laboratorios e almacéns, talleres e parques do Contratista
7. Instalacións de áridos, fabricación, transporte e colocación do formigón, fabricación de mesturas bituminosas
8. Calquera outra instalación que o Contratista precise para a execución das obra.

Consideraranse como obras auxiliares as necesarias para a execución das obras definitivas que sen carácter limitativo, indícanse a continuación:

1. Obras para o desvío de correntes de augas superficiais, tales como ataguías, canalizacións, encanamento etc.
2. Obras de drenaxe, recollida e evacuación das augas nas zonas de traballo.
3. Obras de protección e defensa contra inundacións
4. Obras para esgotamentos e para rebaixa-lo nivel freático
5. Entibacións, sostementos e consolidación do terreo en obras a ceo aberto e soterradas.
6. Obras provisionais de desvío da circulación de persoas ou vehículos, requiridas para a execución das obras obxecto do Contrato.

Durante a vixencia do contrato, serán de conta e risco do Contratista o funcionamento, a conservación e o mantemento de tódalas instalacións auxiliares de obras e obras auxiliares.

4.4- MAQUINARIA E MEDIOS AUXILIARES.

O Contratista está obrigado, baixo a súa responsabilidade a dispor en obra de tódalas máquinas, útiles e medios auxiliares necesarios para a execución das obras, nas condicións de calidade, potencia, capacidade de produción e en cantidade suficiente para cumprir tódalas condicións do contrato, así como a manexalos, mantelos, conservalos e empregalos adecuada e correctamente.

A maquinaria e os medios auxiliares que se deban empregar para a execución das obras, cuxa relación figurará entre os datos necesarios para confecciona-lo programa de traballos conforme ó que estableza a Dirección de Obra, deberán estar dispoñibles a pie de obra con suficiente antelación ó comezo do traballo correspondente, para que poida ser examinados e autorizados, no seu caso, polo Director.

O equipo quedará adscrito á obra en tanto se atopen en execución as unidades en que ha de empregarse, e non poderá retirarse sen consentimento expreso do Director e debendo ser substituídos os elementos avariados ou inutilizados, sempre que a súa reparación esixa prazos que aquel estime alteren o Programa de Traballos.

Se durante a execución das obras o Director observase que, por cambio das condicións de traballo ou por calquera outro motivo, os equipos autorizados non fosen os idóneos ó fin proposto e ó cumprimento do Programa de Traballo, deberán ser substituídos ou incrementados en número por outros que o sexan.

O Contratista non poderá reclamar se, no curso dos traballos e para o cumprimento do contrato, sexa preciso aumenta-la importancia da maquinaria dos equipos das plantas e os medios auxiliares, en calidade, potencia, capacidade de produción ou en número, ou a modificalo, respecto das súas previsións.

O Contratista non poderá efectuar reclamación algunha fundada na insuficiencia da dotación ou do equipo que a Administración puidese prever para a execución da obra, aínda que este estivese detallado nalgún dos documentos do Proxecto.

Tódolos gastos que se orixinen polo cumprimento do presente Artigo, consideraranse incluídos nos prezos das unidades correspondentes e, en consecuencia, non serán abonados separadamente, salvo expresa indicación en contrario que figure nalgún documento contractual.

4.5- ALMACENAMENTO DOS MATERIAIS.

O Contratista debe instalar na obra e pola súa conta os almacéns precisos para asegura-la conservación dos materiais, evitando a súa destrución ou deterioro e cumprimento o que, ó respecto, indique o presente Prego ou, no seu defecto as instrucións que no seu caso reciba da Dirección.

Os materiais almacenaranse de modo que se asegure a súa correcta conservación e de maneira que sexa posible a súa inspección en todo momento e que poida asegurarse o control de calidade dos materiais co tempo necesario para que sexan coñecidos os resultados antes do seu emprego en obra.

4.6- ACOPIO DE MATERIAIS.

O Contratista está obrigado a acopiar en correctas condicións os materiais que requira para a execución da obra no ritmo e calidade esixidos polo contrato.

O Contratista deberá preve-lo lugar, forma e maneira de realiza-los acopios dos distintos tipos de materiais e dos produtos procedentes de escavacións para posterior emprego, de acordo coas prescricións establecidas neste PCTG e no PCTP correspondente e seguindo, en todo caso , as indicacións que puidese face-lo Director das obras.

A Administración resérvase o dereito de esixir do Contratista o transporte e entrega nos lugares que aquela indique dos materiais procedentes de escavacións, levantados ou demolicións que considere de utilidade, abonando no seu caso, o transporte correspondente.

O Contratista propondrá ó Director, para a súa aprobación, o emprazamento das zonas de acopio de materiais, coa descrición dos seus accesos, obras e medidas que se propón levar a cabo para garanti-la preservación da calidade dos materiais.

As zonas de acopio deberán cumpri-las condicións mínimas seguintes:

- Non se poderán empregar zonas destinadas ás obras
- Deberán manterse os servizos públicos ou privados existentes
- Estarán provistos dos dispositivos e obras para a recollida e evacuación das augas superficiais.
 - Os acopios disporanse de forma que non se reduza a calidade dos materiais, tanto na súa manipulación.
 - Adoptaranse as medidas necesarias en evitación de riscos de danos a terceiros.
 - Tódalas zonas utilizadas para acopio deberán quedar ó remate das obras, nas mesmas condicións que existían antes de ser empregadas como tales. Será de conta e responsabilidade do Contratista, a retirada de tódolos excedentes de material acopiado.
 - Será de responsabilidade e conta do Contratista, a obtención de tódolos permisos, uso das zonas destinadas para acopios e que non correspondan a terreos postos a disposición do Contratista pola Administración.
 - Tódolos gastos de establecemento das zonas de acopio e os seus accesos, os do se emprego e restitución ó estado inicial, serán de conta do Contratista.
 - O Director poderá sinalar ó Contratista un prazo para que retire dos terreos da obra os materiais acopiados que xa non teñan emprego na mesma. En caso de incumprimento desta orde, poderá proceder a retiralos por conta e risco do Contratista.

4.7- CONTROL DE CALIDADE.

Tanto os materiais como a execución dos traballos, as unidades de obra e a propia obra rematada, deberán ser da calidade esixida no contrato.

Previamente á firma do Acta de Comprobación e Replanteo, o Contratista presentará á Dirección de obra para a súa aprobación, un programa de Control de Calidade.

Servirán de base para a elaboración do programa de Control de Calidade as especificacións contidas no proxecto así como as indicadas no presente Prego.

Este programa de control será realizado por unha entidade de control aceptado pola Dirección da obra.

Os custes derivados deste control de calidade, serán de conta do Contratista e estarán incluídos nos prezos do contrato, non sendo por tanto obxecto de abono independente.

O Contratista deberá da-las facilidades necesarias para a toma de mostras e a realización de ensaios e probas "in situ" e interromper calquera actividade que puidese impedi-la correcta realización destas operacións.

O Contratista responsabilizarase da correcta conservación en obra das mostras extraídas pola entidade de control ou laboratorio, previamente ó seu traslado

A Administración poderá contratar ó seu cargo os servizos dunha entidade de control que asesore e axude á dirección de obra na inspección e control de calidade das obras.

Ningunha parte da obra deberá cubrirse nin ocultarse sen a aprobación do Director de Obra. O Contratista deberá dar todo tipo de facilidades ó Director de Obra ou entidade delegada para examinar, controlar e medir toda a obra que vaia quedar oculta, así como o terreo de cimentación.

Se o Contratista ocultase calquera parte da obra sen previa autorización do Director de obra deberá descubri-la, se así o ordenase este.

4.8- OBRAS DEFECTUOSAS OU MAL EXECUTADAS.

Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva, o Contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houbera, sen que sexa eximente nin lle dea dereito algún a circunstancia de que a dirección examine ou recoñecido, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que sexan incluídos estes e aquelas nas medicións e certificacións parciais.

O Contratista quedará exento de responsabilidade cando a obra defectuosa ou mal executada sexa consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración ou vicios do proxecto, salvo que este sexa presentado polo Contratista na licitación se esta se convocase baixo a figura de Concurso de Proxecto e Obra.

Se se advirten vicios ou defectos na construción ou tense razóns fundadas para crer que existen vicios ocultos na obra executada, a Dirección ordenará durante o curso da execución e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias ou as accións precisas para comproba-la existencia de tales defectos ocultos.

Se a Dirección ordena a demolición e reconstrución por advertir vicios ou defectos patentes na construción ou téñense razóns fundadas para crer que existen vicios ocultos na obra executada, a Dirección ordenará durante o curso da execución e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias ou as accións precisas para comproba-la existencia de tales defectos ocultos.

Se a Dirección ordena a demolición e reconstrución por advertir vicios ou defectos patentes na construción, os custes desas operacións serán de conta do Contratista, con dereito deste a reclamar ante a Administración no prazo de dez (10 días), contados a partir da notificación escrita da Dirección.

No caso de ordenarse a demolición e reconstrución de unidades de obra por crer existentes nela vicios ou defectos ocultos, os custes incumbirán tamén ó Contratista, se resulta comprobada a existencia real daqueles vicios ou defectos; caso contrario, correrán a cargo da Administración.

Se a Dirección estima que as unidades de obra defectuosas, poderá esixir do Contratista a proposta das pertinentes modificacións no programa de Traballos, maquinaria, equipo e persoal facultativo que garantan o cumprimento dos prazos ou a recuperación, no seu caso, do atraso padecido.

4.9- TRABALLOS AUTORIZADOS.

Calquera traballo, obra ou instalación auxiliar, obra definitiva ou modificación da mesma, que sexa realizado polo Contratista sen a debida autorización ou a preceptiva aprobación do Director, será remexido, desmontado ou demolido se o Director o esixe.

Serán de conta do contratista os custes de remodelación, desmontaxe ou demolición, así como os danos e perxucios que se derivasen por causa da execución de traballos non autorizados.

4.10- CONSERVACIÓN DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O Contratista está obrigado a conservar durante a execución das obras e ata a súa Recepción, tódalas obras obxecto do contrato, incluídas as correspondentes ás modificacións do proxecto autorizadas, así como as estradas, accesos e servidumes afectadas, desvíos provisionais, sinalizacións existentes e sinalizacións de obra, e cantas obras, elementos e instalacións auxiliares deban permanecer en servizo, manténdoos en boas condicións de uso.

Os traballos de conservación durante a execución das obras ata a súa Recepción, non serán de abono, salvo que expresamente e para determinados traballo, prescíbese contráριο neste Prego.

Os traballos de conservación non obstaculizarán o uso público ou servizo da obra, nin das estradas ou servidumes colindantes e, de producir afectación, deberán ser previamente autorizados polo Director e dispós da oportuna sinalización .

Inmediatamente antes da Recepción das obras, o Contratista realizará a limpeza xeral da obra, retirado as instalacións auxiliares e, salvo expresa prescrición contraria do Director, demolido, remexido e efectuado o acondicionamento do terreo das obras auxiliares que haxan de ser inutilizadas.

CAPÍTULO 5. MEDICIÓN E ABONO DAS OBRAS

5.1- DISPOSICIÓN XERAIS.

Tódolos prezos unitarios do Cadro de Prezos nº1 entenderase que inclúe sempre o subministro, manipulación e emprego de tódolos materiais necesarios para a execución das unidades de obra correspondentes. Así mesmo, se entenderá que tódolos prezos unitarios comprenden os gastos de maquinaria, man de obra, materiais, medios auxiliares, transporte, gastos

xerais e impostos e beneficio e toda clase de operacións, directas ou incidentais, necesarias para deixa-las unidades de obra rematadas con amaño ás condicións especificadas neste Prego. Se algunha excepción existise a esta norma xeral aplicable a tódolos prezos do Proxecto, deberá estar explicitamente indicada neste.

A descrición das operacións e materiais necesarios para executa-las unidades de obra que figuran neste PCT, non é exhaustiva, por tanto, calquera operación ou material non descrito ou relacionado, pero necesario, para executar unha unidade de obra, considérase sempre incluído nos prezos do Cadro de operacións que se inclúen no prezo é puramente enunciativa e complementaria para a comprensión do concepto que representa a unidade de obra.

Os prezos que segundo no Cadro de Prezos nº1 son aplicables, en todo o ámbito da obra, a tódalas unidades de obra que, sendo obxecto do contrato, correspondan ó concepto expresado no texto da súa redacción e que sexan executadas conforme ás condicións establecidas neste PCT e seguindo as ordes e instrucións do Director de Obra.

Os danos e excesos de obra de calquera orde causados durante a execución da obra, en calquera dos seus fases, motivados por diminución das condicións de seguridade respecto ós finais da obra definida nos planos, así como as operacións necesarias para a súa reparación nas condicións que indique o Director de obra, serán de conta do Contratista.

CAPÍTULO 6. OUTRAS DISPOSICIÓN

6.1- MEDIDAS DE SEGURIDADE.

O Contratista deberá aterse ás disposicións vixentes, durante a execución das obras, sobre seguridade e saúde no traballo.

Como elemento primordial de seguridade, establecerase toda a sinalización necesaria, facendo referencia ben ós perigos existentes ou ás limitacións de carga, das estruturas .

Mentres dura a execución das obras cumprirase a orde MOPU de 14 de marzo de 1960 sobre sinalización de obras, sendo por conta do Contratista cantos custes ocasione.

6.2- RESCISIÓN DO CONTRATO.

A rescisión, se se producise, rexerese polo que sobre o particular sinala o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e demais disposicións vixentes.

6.3- PRAZO PARA COMEZAR AS OBRAS.

A execución do Contrato de Obras comezará co Acta de Comprobación de Replanteo.

6.4- PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O prazo de execución das obras será o especificado no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e na Memoria do presente Proxecto.

6.5- PROGRAMA DE TRABAJO.

O adxudicatario deberá someter á aprobación da Administración, antes do comezo das obras, dentro do mes seguinte á firma do Acta de Comprobación de Replanteo, un programa de traballo con especificación de prazos parciais e datas de terminación das distintas unidades de obra compatibles co prazo total de execución.

Este plano, unha vez aprobado pola Administración, incorporárase ó Prego de Prescricións Técnicas do Proxecto e adquirirá, por tanto, carácter contractual.

O adxudicatario deberá aumenta-los medios auxiliares e persoal técnico sempre que a Administración comprobe que elo é necesario para o desenrolo das obras nos prazos previstos.

A aceptación do plano de obra e da relación de medios auxiliares propostos, non cumprirá exención algunha de responsabilidade para o Contratista en caso de incumprimento dos prazos parciais ou totais.

6.6- PRBAS QUE DEBEN EFECTUARSE ANTES DAS RECEPCIÓN.

Antes de realizarse a recepción das obras, someteranse tódalas obras a probas de resistencia, estabilidade e funcionamento con amaño ó programa que redacte o Director. Contrastarase o perfecto funcionamento antes de ser recibida a obra.

Antes de proceder á aprobación da devolución da garantía definitiva, comprobarase que tódolos elementos das obras seguen en perfecto funcionamento.

6.7- RECEPCIÓN DAS OBRAS.

Rematadas as obras en condicións de ser recibidas realizarase o tramite da recepción levantándose Acta da mesma de acordo co prescrito sobre o particular polo Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

6.8- PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía a duración dun (1) ano a contar dende a data da firma do Acta de Recepción das obras.

A conservación das obras durante o prazo de garantía correrá a cargo do Contratista que non percibirá por este concepto cantidade algunha, xa que se considera que os gastos orixinados por este concepto van medidos implicitamente nos prezos das distintas unidades de obra.

Se as obras deteriorásense por non cumprimento desta obriga os traballos necesarios para a súa reparación executaranse pola Administración contratante a custa do Contratista.

6.9- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

En virtude do previsto na Lei de Contratos das Administracións Públicas, a Administración poderá impoñer en todo momento as modificacións ó Proxecto que estime oportunas de acordo co establecido no seu Artigo 146, pasando necesariamente a ser executadas.

6.10- CUSTES POR CONTA DO CONTRATISTA.

Segundo de conta do Contratista-Adxudicatario ademais dos gastos de execución das obras, os seguintes:

Os de aluguer e adquisición de terreos para depósito de materiais e maquinaria

Os de construción de toda clase de instalacións provisionais e auxiliares

Os gastos de subministro, colocación e conservación de sinais de tráfico e demais recursos para proporcionar seguridade dentro da obra. Os gastos derivados da adxudicación e contrata das obras.

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS



Asdo: Julio C. Rojo Martínez
Col. nº: 3.871

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S. A.

PRESUPOSTO

MEDICIÓN

MEDICIÓN

Ref.: 00OD17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
CAPÍTULO 01. CAMIÑO EN BARROSO (MONTAOS)							
ACONDI	M2 Acondicionamento explanación. Acondicionamento da explanación, incluído nivelación e rasanteo para recibi-lo afirmado, incluso p.p. de desmonte ou terraplén ata unifica-la rasante e limpeza de taludes e muros.	1	780,00	4,50		3.510,00	
		1	365,00	3,50		1.277,50	
		4	15,00	5,00		300,00	
							5.087,50
CUNE	M1 Limpeza de gabias. Limpeza de gabias con recuperación da sección hidráulica, en todo tipo de terreo, incluso rocha, formación de beiravías e perfilado de taludes por ambas marxes con retirada de sobrantes a vertedoiro e p.p. de limpeza de salvagabias.	1	780,00			780,00	
		1	365,00			365,00	
							1.145,00
GRAVA	M3 Firme con grava 40/70. Firme con grava procedente de machucamento clasificado a 40/70, medido despois de compactado, incluso apertura de caixa e preparación da base.	1	780,00	4,50	0,10	351,00	
		1	365,00	3,50	0,10	127,75	
		4	15,00	5,00	0,10	30,00	
							508,75
SEMIPROF	M2 Tratamento asf. semiprofundo. Tratamento semiprofundo con 18 l. de gravilla 10/20 e 4 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, previa limpeza da superficie.	1	780,00	4,50		3.510,00	
		1	365,00	3,50		1.277,50	
		4	15,00	5,00		300,00	
							5.087,50
SUPERF	M2 Tratamento asf. superficial. Tratamento asfáltico superficial con 12 litros de gravilla 5/10 e 2 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, incluso varrido e limpeza previa.	1	780,00	4,50		3.510,00	
		1	365,00	3,50		1.277,50	
		4	15,00	5,00		300,00	
							5.087,50

MEDICIÓNS

Ref.: 000D17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
RSELLADO	M2 Rego de selado. Rego de selado con 5 litros de area 3/7 e 1 Kg. de emulsión ECR-2, previa limpeza da superficie e posterior retirada de gravilla solta.	1	780,00	4,50		3.510,00	
		1	365,00	3,50		1.277,50	
		4	15,00	5,00		300,00	
		Abanicos				5.087,50	
STOP	Ud Sinal de STOP. Sinal octogonal de STOP, de 60 cm. reflectinte, colocada, incluso parafuxería e poste, totalmente rematada.	1	1,00			1,00	1,00

MEDICIÓN

Ref.: 00OD17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
CAPÍTULO 02. CAMIÑO PARCELARIA-TRAS BROMEIRAL (LEIRA)							
CUNE	<p>M1 Limpeza de gabias. Limpeza de gabias con recuperación da sección hidráulica, en todo tipo de terreo, incluso rocha, formación de beiravías e perfilado de taludes por ambas marxes con retirada de sobrantes a vertedoiro e p.p. de limpeza de salvagabias.</p>	1	825,00			825,00	825,00
GRAVA	<p>M3 Firme con grava 40/70. Firme con grava procedente de machucamento clasificado a 40/70, medido despois de compactado, incluso apertura de caixa e preparación da base.</p>	1	825,00	5,00	0,10	412,50	
	Abanicos	3	15,00	5,00	0,10	22,50	435,00
SEMIPROF	<p>M2 Tratamento asf. semiprofundo. Tratamento semiprofundo con 18 l. de gravilla 10/20 e 4 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, previa limpeza da superficie.</p>	1	825,00	5,00		4.125,00	
	Abanicos	3	15,00	5,00		225,00	4.350,00
SUPERF	<p>M2 Tratamento asf. superficial. Tratamento asfáltico superficial con 12 litros de gravilla 5/10 e 2 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, incluso varrido e limpeza previa.</p>	1	825,00	5,00		4.125,00	
	Abanicos	3	15,00	5,00		225,00	4.350,00
RSELLADO	<p>M2 Rego de selado. Rego de selado con 5 litros de area 3/7 e 1 Kg. de emulsión ECR-2, previa limpeza da superficie e posterior retirada de gravilla solta.</p>	1	825,00	5,00		4.125,00	
	Abanicos	3	15,00	5,00		225,00	4.350,00

MEDICIÓNS

Ref.: 000D17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
STOP	<p><i>Ud Sinal de STOP.</i> Sinal octogonal de STOP, de 60 cm. reflectinte, colocada, incluso parafuxería e poste, totalmente rematada.</p>	1	1,00			1,00	1,00

MEDICIÓN

Ref.: 00OD17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
CAPÍTULO 03. CAMIÑO A ARMADA - AC-524 (VILAMAIOR)							
CUNE	M1 Limpeza de gabias. Limpeza de gabias con recuperación da sección hidráulica, en todo tipo de terreo, incluso rocha, formación de beiravías e perfilado de taludes por ambas marxes con retirada de sobrantes a vertedoiro e p.p. de limpeza de salvagabias.	1	925,00				925,00
		4	20,00				80,00
							1.005,00
GRAVA	M3 Firme con grava 40/70. Firme con grava procedente de machucamento clasificado a 40/70, medido despois de compactado, incluso apertura de caixa e preparación da base.	1	925,00	5,00	0,12	555,00	
		4	20,00	5,00	0,12	48,00	
							603,00
SEMIPROF	M2 Tratamento asf. semiprofundo. Tratamento semiprofundo con 18 l. de gravilla 10/20 e 4 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, previa limpeza da superficie.	1	925,00	5,00		4.625,00	
		4	20,00	5,00		400,00	
							5.025,00
SUPERF	M2 Tratamento asf. superficial. Tratamento asfáltico superficial con 12 litros de gravilla 5/10 e 2 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, incluso varrido e limpeza previa.	1	925,00	5,00		4.625,00	
		4	20,00	5,00		400,00	
							5.025,00
RSELLADO	M2 Rego de selado. Rego de selado con 5 litros de area 3/7 e 1 Kg. de emulsión ECR-2, previa limpeza da superficie e posterior retirada de gravilla solta.	1	925,00	5,00		4.625,00	
		4	20,00	5,00		400,00	
							5.025,00

MEDICIÓNS

Ref.: 00OD17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
STOP	<p><i>Ud Sinal de STOP.</i></p> <p>Sinal octogonal de STOP, de 60 cm. reflectinte, colocada, incluso parafuxería e poste, totalmente rematada.</p>	2 4				2,00 4,00	6,00

MEDICIÓN

Ref.: 00OD17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
CAPÍTULO 04. CAMIÑO EN CASTENDA (PARADA)							
CUNE	M1 Limpeza de gabias. Limpeza de gabias con recuperación da sección hidráulica, en todo tipo de terreo, incluso rocha, formación de beiravías e perfilado de taludes por ambas marxes con retirada de sobrantes a vertedoiro e p.p. de limpeza de salvagabias.	1	500,00			500,00	500,00
GRAVA	M3 Firme con grava 40/70. Firme con grava procedente de machucamento clasificado a 40/70, medido despois de compactado, incluso apertura de caixa e preparación da base.	1	500,00	4,00	0,10	200,00	
	Abanicos	3	15,00	5,00	0,10	22,50	222,50
SEMIPROF	M2 Tratamento asf. semiprofundo. Tratamento semiprofundo con 18 l. de gravilla 10/20 e 4 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, previa limpeza da superficie.	1	500,00	4,00		2.000,00	
	Abanicos	3	15,00	5,00		225,00	2.225,00
SUPERF	M2 Tratamento asf. superficial. Tratamento asfáltico superficial con 12 litros de gravilla 5/10 e 2 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, incluso varrido e limpeza previa.	1	500,00	4,00		2.000,00	
	Abanicos	3	15,00	5,00		225,00	2.225,00
RSELLADO	M2 Rego de selado. Rego de selado con 5 litros de area 3/7 e 1 Kg. de emulsión ECR-2, previa limpeza da superficie e posterior retirada de gravilla solta.	1	500,00	4,00		2.000,00	
	Abanicos	3	15,00	5,00		225,00	2.225,00

MEDICIÓNS

Ref.: 000D17S06

Código	Descrición	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
CAPÍTULO 05. INTERIOR NO PAZO (PARADA)							
ACONDI	M2 Acondicionamento explanación. Acondicionamento da explanación, incluído nivelación e rasanteo para recibi-lo afirmado, incluso p.p. de desmonte ou terraplén ata unifica-la rasante e limpeza de taludes e muros.	1 1	100,00 25,00	5,00		500,00 25,00	525,00
GRAVA	M3 Firme con grava 40/70. Firme con grava procedente de machucamento clasificado a 40/70, medido despois de compactado, incluso apertura de caixa e preparación da base.	1 1	100,00 25,00	5,00	0,10 0,10	50,00 2,50	52,50
SEMIPROF	M2 Tratamento usf. semiprofundo. Tratamento semiprofundo con 18 l. de gravilla 10/20 e 4 Kg. de emulsión ECR-2, completamente rematado, previa limpeza da superficie.	1 1	100,00 25,00	5,00		500,00 25,00	525,00
AC	TM Aglomerado en quente Construcción de capa de rodaxe con aglomerado en quente tipo D-12, incluso rego de imprimación e preparación base.	2,5 2,5	100,00 25,00	5,00	0,05 0,05	62,50 3,13	65,63

MEDICIÓN

Ref.: 00OD17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
CAPÍTULO 06. INTERIOR NO REGO (PARADA)							
ACONDI	M2 Acondicionamento explanación. Acondicionamento da explanación, incluído nivelación e rasanteo para recibilo afirmado, incluso p.p. de desmonte ou terraplén ata unificala rasante e limpeza de taludes e muros.	1	40,00	4,00		160,00	
		1	10,00	4,00		40,00	
							200,00
GRAVA	M3 Firme con grava 40/70. Firme con grava procedente de machucamento clasificado a 40/70, medido despois de compactado, incluso apertura de caixa e preparación da base.	1	40,00	4,00	0,10	16,00	
		1	10,00	4,00	0,10	4,00	
							20,00
SEMIPROF	M2 Tratamento asf. semiprofundo. Tratamento semiprofundo con 18 l. de gravilla 10/20 e 4 Kg. de emulsión ECR--2, completamente rematado, previa limpeza da superficie.	1	40,00	4,00		160,00	
		1	10,00	4,00		40,00	
							200,00
AC	TM Aglomerado en quente Construcción de capa de rodaxe con aglomerado en quente tipo D-12, incluso rego de imprimación e preparación base.	2,5	40,00	4,00	0,05	20,00	
		2,5	10,00	4,00	0,05	5,00	
							25,00

MEDICIÓN

Ref.: 00OD17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
CAPÍTULO 07. ACCESO NA ESTACION (PARADA)							
ACONDI	M2 Acondicionamento explanación. Acondicionamento da explanación, incluído nivelación e rasanteo para recibi-lo afirmado, incluso p.p. de desmonte ou terraplén ata unifica-la rasante e limpeza de taludes e muros.	2	100,00	1,00		200,00	200,00
CUNE	M1 Limpeza de gabias. Limpeza de gabias con recuperación da sección hidráulica, en todo tipo de terreo, incluso rocha, formación de beiravías e perfilado de taludes por ambas marxes con retirada de sobrantes a vertedoiro e p.p. de limpeza de salvagabias.	1	100,00			100,00	100,00
GRAVA	M3 Firme con grava 40/70. Firme con grava procedente de machucamento clasificado a 40/70, medido despois de compactado, incluso apertura de caixa e preparación da base.	2 0,05	100,00 100,00	1,00 4,00	0,15 0,10	30,00 2,00	32,00
SEMIPROF	M2 Tratamento asf. semiprofundo. Tratamento semiprofundo con 18 l. de gravilla 10/20 e 4 Kg. de emulsión ECR--2, completamente rematado, previa limpeza da superficie.	2 0,05	100,00 100,00	1,00 4,00		200,00 20,00	220,00
AC	TM Aglomerado en quente Construcción de capa de rodaxe con aglomerado en quente tipo D-12, incluso rego de imprimación e preparación base.	2,5	100,00	6,00	0,05	75,00	75,00
BANDA10	M1 Superficie realmente pintada. Superficie realmente pintada en banda de 10 cm. en bordes e eixo, incluso premarcaxe, totalmente rematada.	2	100,00			200,00	200,00

MEDICIÓN

Ref.: 000D17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
CAPÍTULO 08. ACCESO PRINCIPAL Á ESTACION (PARADA)							
ACONDI	M2 Acondicionamento explanación. Acondicionamento da explanación, incluído nivelación e rasanteo para recibilo afirmado, incluso p.p. de desmonte ou terraplén ata unificala rasante e limpeza de taludes e muros.	1	200,00	2,00		400,00	400,00
CUNE	M1 Limpeza de gabias. Limpeza de gabias con recuperación da sección hidráulica, en todo tipo de terreo, incluso rocha, formación de beiravías e perfilado de taludes por ambas marxes con retirada de sobrantes a vertedoiro e p.p. de limpeza de salvagabias.	1	200,00			200,00	200,00
EXZS	M1 Escavación en zanja. Escavación en zanja en todo tipo de terreo para colocación de tubo, con transporte de sobrantes a vertedoiro, incluso p.p. de corte de firme existente e p.p. de esteamento con elementos de blindaxe s/planos para profundidades superiores a 2m. recheo e compactación, totalmente rematado e reposición de servicios afectados.	1	200,00			200,00	200,00
TPVC315SAN	M1 Tubo PVC 315 mm. SN-4 Tubo de PVC de 315 mm. de diámetro para saneamento ou recollida de pluviais, unión por xunta elástica, segundo NORMA UNE-EN 1401-1, SERIE SN-4, incluso p.p. de cóbados, derivacións e pezas especiais, cama de area, colocada e conexionada.	1	200,00			200,00	200,00

MEDICIÓN

Ref.: 000D17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
SPOZOSA	Ud Pozo rexistro en beirarrúa c/sumidorio Pozo de rexistro circular de 1,0 m. e profundidade variable, realizado en aros prefabricados de formigón, incluso tapa e aro de fundición dúctil Ø600mm e indicativo de uso, clase B 125 segundo Norma EN 124 con xunta de polietileno, bloqueo automático por apéndice elástico e articulación, con reixa e marco de fundición dúctil cadrada de 400mm, clase C 250 segundo Norma EN 124, completamente rematado, s/planos.	6	1,00			6,00	6,00
BORD	M1 Bordo de formigón colocado. Bordo de formigón colocado sobre cama de 10 cm. de formigón HM-20, encintado e completamente rematado.	2	200,00			400,00	400,00
Z	M3 Firme zahorra 2" Firme con zahorra procedente de machucamento tamaño máximo 2" medido despois de compactado, incluso apertura de caixa e preparación da base.	1	200,00	2,00	0,10	40,00	40,00
GRAVA	M3 Firme con grava 40/70. Firme con grava procedente de machucamento clasificado a 40/70, medido despois de compactado, incluso apertura de caixa e preparación da base.	0,05	200,00	6,00	0,10	6,00	
	Sobreancho	0,05	30,00	6,00	0,10	0,90	6,90
SEMIPROF	M2 Tratamento asf. semiprofundo. Tratamento semiprofundo con 18 l. de gravilla 10/20 e 4 Kg. de emulsión ECR--2, completamente rematado, previa limpeza da superficie.	0,05	200,00	6,00		60,00	
	Sobreancho	0,05	30,00	6,00		9,00	69,00
AC	TMAglomerado en quente Construcción de capa de rodaxe con aglomerado en quente tipo D-12, incluso rego de imprimación e preparación base.	2,5	200,00	6,00	0,05	150,00	
	Sobreancho	2,5	30,00	6,00	0,05	22,50	172,50

MEDICIÓN

Ref.: 00OD17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidade
HORP	M3 Formigón en pavimento Formigón HM-20 en execución de pavimento, incluso limpeza e preparación base, incluso p.p. de malla electrosoldada 15*15*4, e xuntas de dilatación, maestreado, regrado, vibrado e curado.	1	200,00	2,00	0,10	40,00	
							40,00
TC80	M1 Canalización iluminación pública Ml. canalización para iluminado público, a base de tubo de polipropileno verde Ø90mm, incluso arame guía, colocado.	1	200,00			200,00	
							200,00
BANDA10	M1 Superficie realmente pintada. Superficie realmente pintada en banda de 10 cm. en bordes e eixo, incluso premarcaxe, totalmente rematada.	2	200,00			400,00	
							400,00

MEDICIÓN

Ref.: 000D17S06

Código	Descripción	Uds	Lonxitude	Anchura	Altura	Parciais	Cantidad
CAPÍTULO 09. CAMIÑO NA GRELA (PARADA)							
ACONDI	M2 Acondicionamento explanación. Acondicionamento da explanación, incluído nivelación e rasanteo para recibilo afirmado, incluso p.p. de desmonte ou terraplén ata unificala rasante e limpeza de taludes e muros.	2	730,00	0,50		730,00	730,00
